

Para ambos os dous sexos (...) a vida é ardua, difícil, unha loita perpetua. Require unha coraxe e unha forza xigante. máis que nada vivindo como vivimos da ilusión, quizais o máis importante para nós sexa a confianza en nós mesmos. Sen esta confianza somos como bebés no berce. E como enxendrar o máis a présa posíbel esta calidade imponderábel e non obstante tan valiosa? Pensando que os demais son inferiores a nós. Crendo que temos sobre a demais xente unha superioridade innata, xa sexa riqueza, o rango, un nariz recta... De aí a enorme importancia que ten para un patriarca, que debe conquistar, que debe gobernar, o crer que un gran número de persoas, a metade da especie humana, son por natureza, inferiores a el. Debe ser, en realidade, unha das fontes máis importantes do seu poder(...) Durante todos estes séculos as mulleres foron espellos dotados do máxico e delicioso poder de reflectir unha silueta do home do tamaño dobre do natural...

VIRGINIA WOOLF
"Unha habitación propia"

A autora fala do espello que somos todas as mulleres para calquera home, e a consecuencia que ten sobre a autoestima de ambas partes. Pensa en todas as imaxes que se envían ás mulleres desde os contos, os refráns, as películas, novelas, chistes,... sobre como somos as mulleres. Fai unha lista de características pretendidamente femininas, e das masculinas correspondentes. Paréceche que son igualmente valoradas unhas e outras?

Pensa en situacións que te fan sentir insegura (falar en público, protestar, probar a arranxar algo, determinadas críticas, etc.) nas que sentes que che falta "autoestima" e reflexiona sobre se, en xeral, os rapaces teñen as mesmas dificultades.

Pensa en todas as situacións nas que os homes reciben reforzo positivo constante das mulleres: rirlles os chistes, pedirles axuda para cuestións que se perciben como exclusivamente masculinas, non facerlles depender tanto da súa imaxe pública, propoñelos e apoialos para cargos públicos...

Fai un decálogo de actitudes, un pacto entre compañeiras e compañeiros, de apoiaros unhas ás outras do mesmo xeito en que se reforza a autoestima dos rapaces.

A G O S T O

O elemento máis violento na sociedade é a ignorancia.
Emma Goldman

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
				1902 Nace Lola Iturbe, sindicalista libertaria, corresponsal de guerra e escritora	1942 Nace Isabel Allende. Escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna"	1916 Nace Adelita del Campo, danzarina e actriz. Organización de Mujeres Libres
4	5	6	7	8	9	10
1948 Falece Mileva Maric, matemática	1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U.	1949 Nace en Mallorca, Margalida Mora Rosselló, campioa de España de Tiro Olímpico	s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapetas	1857 Nace Cécile Chaminade, pianista e compositora francesa	1897 Nace Marta Brunet, escritora chilena, representante da narrativa crioulista	1929 Nace Grisélides Real: Prostituta, escritora e poeta. Defendeu os dereitos das prostitutas
11	12	13	14	15	16	17
Día Internacional da Muller Sudafricana	1914 Amnistía para as sufragistas inglesas encadeadas por defender o drto. ao voto	1934 Nace Maria Cascales. Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia	1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica	1896 Nace Gerty Cori. Nobel de Fisioloxía. Estudos sobre fosforilación de azúcares	1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller Ministra da democracia española	1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, montañista en Saraxevo, "En attendant Godot"
18	19	20	21	22	23	24
1920 Recoñéceselles ás mulleres o dereito ao voto nos EE.UU.	1936 Juana Capdeville e María Vázquez son fusiladas en Rábad e Pontedeume, respectivamente.	1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas	1946 Apróbbase na Arxentina a Lei sobre Drtos. Políticos da Muller incluíndo o voto	1947 Nace Rosa Parada, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: dexeso, sexo ou traizón"	1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra	1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condena a morte á beata cega
25	26	27	28	29	30	31
1995 "O contradiscursu das mulleres" de Carme Blanco, 1ª hria. en galego do Feminismo	1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte	1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa	1981 Iniciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greatham Canmon. Durou 13 anos	1873 Nace en Madrid Mª Goyri, escritora e escritora feminista. 2ª muller universitaria	1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa, autora do clásico Frankenstein	1936 Mercedes Romero, mestra socialista na Coruña, é detida, torturada, violada e fusilada aos 23 anos.